

Caracterización e Proxecto de Intervención dos Machados de Talón do Depósito de Ameixenda (Ames, A Coruña)

Irene Blanco Martínez – ireneblancomartinez@gmail.com – Curso 2019/20

OBXECTIVOS

- Caracterizar os machados para proporcionar datos ás investigacións actuais sobre metalurxia na transición Bronce Final – Idade do Ferro da Europa atlántica.
- Diseñar unha proposta de intervención que garanta a consevación dos bens sen comprometer a realización de futuras análises.
- Aproximarse á metodoloxía de análise da composición de material arqueolóxico a través de técnicas instrumentais, especialmente mediante Fluorescencia de Raios X portátil (pXRF).
- Achegar o labor dos investigadores aos conservadores-restauradores e viceversa, tentando mellorar así a comprensión das necesidades de cada colectivo e fomentar a colaboración entre estes.

METODOLOXÍAS

- Fase 1. Aproximación ao conxunto e recompilación de datos a través dos informes do museo, documentación inédita e bibliografía.
- Fase 2. Estudo do conxunto in situ:
 - Documentación fotográfica.
 - Caracterización: descrición e rexistro de atributos básicos (tipoloxía, medidas, peso...).
 - Documentación da localización e das características das zonas de mostraxe.
 - Diagnóstico: estudo organoléptico e análises físico-químicas.
- Fase 3. Deseño da proposta de intervención en base ao diagnóstico e á compatibilidade con futuras análises.
 - Realización de probas de compatibilidade de produtos con análises de composición de pátina mediante pXRF.



CONCLUSIÓNS

- Caracterizar en profundidade os bens arqueolóxicos é fundamental para o avance das investigacións e a xeración de novo coñecemento.
- As técnicas analíticas son unha ferramenta esencial para obter novos datos.
- Coñecer as características tanto das técnicas utilizadas como das propias pezas a analizar permite unha mellor comprensión das necesidades dos investigadores á hora de realizar as medicións (mostraxe múltiple, toma de mostra, pulidos de pátina...).
- É necesario incluír unha estratexia de conservación-restauración na metodoloxía de análise de patrimonio con técnicas de carácter destrutivo e/ou invasivo.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

TÍTULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN
RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS



ESCOLA SUPERIOR
DE CONSERVACIÓN
E RESTAURACIÓN
DE BENS CULTURAIS
DE GALICIA